

ACORDO DE COLABORACION ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS PARA COFINANCIAR O EVENTO “CONECTA FICTION”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Xerente da Oficina de Internacionalización do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar un acordo de colaboración coa Axencia Galega das Industrias Culturais para cofinanciar o evento “Conecta Fiction”.

Que este acordo ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o IGAPE e AGADIC para o desenvolvemento do evento CONECTA FICTION que terá lugar en Santiago de Compostela do 21 ao 23 de xuño 2017 e que é o primeiro encontro e evento internacional de creación, financiamento e coprodución de contido de ficción para TV entre América Latina, Estados Unidos de fala hispana e Europa.

Que o instrumento que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O IGAPE, creado pola Ley 5/1992 do 10 de xuño, como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, creado para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, ten establecido entre os seus principais obxectivos apoiar e promover calquera tipo de actividade que contribúa á mellora do sistema productivo de Galicia.

A internacionalización do tecido empresarial galego ten sido e seguirá sendo un dos eixos prioritarios de actuación dentro da política económica da Xunta de Galicia de cara a mellorar a súa competitividade e acadar o crecemento económico. Unha aposta que se plasma na Estratexia da Xunta de Galicia de Internacionalización da Empresa Galega 2020 que inclúe entre os seus obxectivos o de lograr un significativo aumento na cantidade, calidade e impacto efectivo da internacionalización da empresa galega en 2020.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela